



Orientacións da Unión Europea

A política de promoción do espírito empresarial é defendida pola Comisión como un instrumento fundamental para mellora-la competitividade, xerar crecemento e crear emprego. Neste senso, colabora estreitamente cos Estados membros na creación das condicións axeitadas para promover e fomentar unha cultura empresarial e axudar ós empresarios e ás pequenas empresas.

Co obxectivo de contar cunhas condicións axeitadas, os países da UE amosaron no Consello Europeo de Amsterdam (16-17 de xullo de 1997) o seu “decidido compromiso de simplifica-la regulamentación xurídica e administrativa existente e nova para mellora-la calidade da lexislación comunitaria e reduci-la carga administrativa das empresas europeas, particularmente das *pemes*”.

Invitouse á Comisión á creación dun grupo operativo adecuado e a amplia-lo seu programa continuo de simplificación, necendo así o Grupo de traballo “BEST” (Simplificación do Entorno das Empresas), que esta-

Táboa 1.1.

Informe do Grupo operativo para a simplificación do entorno empresarial (BEST)

Temas principais		Recomendacións
Mellora da administración pública		1.- Simplificación e reforma da regulación debería ocupar un lugar preeminente 2.- Impacto da lexislación nas empresas debería ser un aspecto importante para determinar a súa forma e contido 3.- Deben modificarse os procedementos administrativos para aumenta-la transparencia e eficacia 4.- Os EE.MM. deben aceptar iniciativas que faciliten a creación de empresas 5.- Existencia de bos servizos de información e asesoramento
Novos enfoques en materia de educación, formación e lugar de traballo	Educación	1.- Sistemas nacionais de educación e formación deben responder ás necesidades de formación empresarial e de xes actuais 2.- Reorienta-la oferta de formación, en estreita cooperación coas empresas
	Traballo	3.- Organizacións empresariais deberían participar nas negociacións no Marco do Protocolo Social 4.- Diálogo a nivel empresa debe incluír: variacións de convenios, flexibilidade traballo, horario laboral 5.- Debe prestar máis atención a temas como saúde e seguridade 6.- Simplificación do sistema da Seguridade Social 7.- Clarificación do tema de traspasos de empresas
Acceso ó financiamento e axuda á innovación	Financiamento	1.- Empresas máis pequenas en fase inicial: programas de respaldo a préstamos 2.- Empresas en expansión: diversas fontes de financiamento xunto a outras como a mentoría ou tutoría 3.- Réxime fiscal: deberían permitirse amortizar investimentos en períodos máis breves 4.- Permitir que os inversores poidan saír facilmente dun investimento, redución do imposto sobre as plusvalías, etc.
	I+D	5.- Axudar ás PEMES a optimizar a súa utilización do I+D 6.- Fomentar máis a utilización de patentes por PEMES 7.- Programas máis sensibles coas PEMES
Execución		Abordar cada recomendación. Comisión: debe redactar un informe anual. Creación de "Panel de Empresas" que evalúe periódicamente os programas realizados.

ba formado por empresarios, administradores públicos e expertos no tema. O obxectivo fundamental deste grupo era elaborar un informe que propuxera medidas concretas para mellora-la calidade da lexislación e eliminar obstáculos.

Desde un punto de vista económico e financeiro, o Consello Europeo Extraordinario sobre o Emprego de Luxemburgo (22 de novembro de 1997) propuxo, xunto a unha estratexia coordinada de loita contra o desemprego, unha nova liña presupostaria para a asistencia financeira ás *pemes* innovadoras e xeradoras de emprego: capital risco, creación de empresas conxuntas transnacionais a través do programa JEV (Joint European Venture) e o reforzo do sistema de garantía para *pemes*.

Na Comunicación ó Consello sobre *Fomento do espírito empresarial en Europa: Prioridades para o futuro*, de abril de 1998, establécese que o fomento da cultura de empresa require unha dobre estratexia: por unha banda, tomar medidas para que máis persoas se animen a facerse empresarios; e

pola outra banda, a creación do entorno económico favorable á xeración, crecemento e transmisión de empresas, o que entrañaría unha radical simplificación administrativa, a mellora do entorno normativo e financeiro e o acceso a programas comunitarios como o I+D ou os fondos estruturais.

Entre as conclusións fundamentais desta comunicación, ó salienta-lo papel da *peme*, afírmase que “a tentación de considerar estritamente nacionais algúns problemas está fóra de lugar nunha economía a punto de acadar un mercado interior cunha moeda única e na que os seus desafíos principais proceden de poderosos competidores externos”. Finalmente, establece unha serie de accións prioritarias que contribuirán a que se avance máis rápida e coordinadamente.

No mes de maio de 1998 preséntase o **Informe Final** do Grupo de traballo operativo para a Simplificación do Entorno Empresarial (BEST), que determina catro temas principais: a mellora da administración pública; novos enfoques en materia de educación, formación e lugar de traballo; acceso ó

Táboa 1.2.

Plan de acción para fomenta-lo espírito empresarial e a competitividade

Temas principais	Comisión	Estados Membros
Mellora da administración pública	A Comisión proseguirá fomentando o intercambio de información entre os EE.MM. Compromiso de lexislar menos ó orienta-las súas iniciativas e concentrarse nas prioridades públicas Compromiso de mellora-los seus procedementos de avaliación do impacto da lexislación Respeita-lo concepto de "pensar primeiro a pequena escala" á hora de formular propostas normativas. Tratar de incrementa-la participación de PEMES en programas comunitarios (FF.EE., I+DT, financiamento do BEI e do FEI, ...) e nas licitacións públicas. Apoia-las novas tecnoloxías Realización de seminarios Ventanilla única en Internet	Creación de Paneis de empresas Crear servicios estables de vixiancia e asesoramento. Adopción de medidas encamiñadas a facilita-la creación de empresas como ventanilla única para rexistro de empresas, un único impreso e número de rexistro, ou a contratación máis fácil e máis barata do primeiro traballador por parte das empresas. Apoia-las novas tecnoloxías
Novos enfoques en materia de educación, formación e lugar de traballo	Educación e formación Establecer unha rede europea de formación empresarial (BENE) que agrupe ás organizacións de formación que proporcionan formación especializada no espírito empresarial e na xestión de empresas. Campañas de promoción do espírito empresarial Concederá un premio para xóvenes empresarios europeos por primeira vez no ano 2000 Lugar de traballo Elaborar un informe sobre o grado de aplicación das Directrices a prol do emprego Apoiará o proceso de mellora de condicións de emprego e traballo recollendo, recoñecendo e difundindo boas prácticasco obxeto de fomenta-las melloras na empresa, particularmente, a través da rede de modernización da organización do traballo.	Estos deben cooperar coas organizacións empresariais en materia de política educativa Promove-lo espírito empresarial mediante o sistema educativo. Adoptar programas de formación ás necesidades das empresas e traballadores en colaboración cos axentes sociais Ofrecer incentivos á participación en programas de formación, incluíndo vantaxes fiscais. Estudio do impacto do financiamento da SS e administración dos plans da SS e outros métodos para mellorar prestacións sociais en termos de emprego Introducir un emprego e unhas condicións de traballo máis flexibles nos plans de acción nacionais.
Acceso ó financiamento e axuda á innovación	Financiamento Promove-lo capital risco Establecemento de redes para relaciona-los "anxos empresariais" cos empresarios que desexen crear empresas Elaboración dunha guía para PEMEs que permita evaluala súa idoneidade para acceder ó mercado de valores I+D Creación de servicios de asistencia para o financiamento da innovación para mellora-las infraestructuras de apoio Estudia-la creación de redes de grupos de empresas e polos tecnolóxicos Proposta de patente comunitaria uniforme Garantir que un maior número de PEMEs se acollan ó V Programa Marco Comunitario de I+D. Búsqueda dunha fórmula de acceso á información sobre patentes máis accesible, facilitar informaciónen línea relativa ós dereitos de propiedade intelectual.	Promoción dos instrumentos para as empresas na súa etapa inicial Atraer investimentos Introducir medidas que faciliten a transparencia e continuidade das empresas Fomentar colaboración entre as <i>pemes</i>, as universidades e as empresas Incrementa-la transparencia dos servicios e redes de axuda á Innovación Reforzar iniciativas para mellorar información e función de asesoramento das oficinas de Patentes. Incrementa-la información sobre oportunidades de patentar

financiamento e axuda á innovación; e a execución das medidas propostas.

Respecto á **mellora da administración pública**, considérase que a finalidade principal da administración debería ser a de axudar e propiciar en lugar de controlar, debendo adoptar una actitude máis accesible, especialmente ó interactuar coas empresas e o público en xeral.

Para isto, é necesario un cambio de mentalidade, de cultura na administración, na súa función lexisladora e de apoio ás empresas. As autoridades públicas respon-

sables da regulación ou da asistencia das empresas en forma de asesoramento e información terán que verse como prestadoras de servicios ás empresas. Neste senso, canto mellor sexa o servicio, máis competitivas poderán se-las empresas.

No concernente ós **novos enfoques en materia de educación, formación e lugar de traballo**, é necesario que Europa fomente a cultura empresarial para que máis persoas se arriesquen a crear unha empresa. O Grupo BEST insiste na necesidade de que a cultura empresarial comece a difundirse nas escolas e se transmita a través do ensi-

no superior e os sistemas de formación en xeral.

Formula importantes recomendacións sobre os cambios substanciais que deben introducirse nos nosos plantexamentos en favor do diálogo directo entre empresarios e traballadores a nivel das empresas ou outros aspectos de detalle relacionados co aumento da flexibilidade no lugar de traballo.

En relación ó **financiamento e á axuda á innovación**, considera que éste é un aspecto fundamental e, dado que as *pemes* non son homoxeneas e teñen diferentes necesidades de financiamento, haberá que apreciar as diferentes situacións para garantir que todos teñan acceso a modalidades de financiamento adecuadas. Tamén será necesaria unha maior concienciación en temas de I+D e aumenta-la información e asesoramento en temas como os fondos estruturais.

Finalmente, afirma que debe prestarse atención ó proceso de **execución das medidas propostas**. O Grupo de traballo considera que debe abordarse cada recomendación; que a Comisión debe redactar un informe anual para o Consello onde se indiquen as medidas adoptadas en cada nivel do proceso de toma de decisións; e afirma que se debería crear un panel de empresas que evalúe periodicamente os progresos realizados.

A **táboa 1.1.** recolle un esquema das recomendacións propostas no informe operativo para a simplificación do entorno empresarial do Grupo BEST.

En setembro de 1998 preséntase a **resposta da Comisión** ó Informe do Grupo Operativo BEST e as súas recomendacións. A Comisión, partindo da consideración de que a política de promoción do espírito empresarial é un instrumento fundamental para mellora-la competitividade, xerar crecemento e crear emprego, propón un Plan para as iniciativas da Comisión e para a acción por parte dos Estados membros.

Este Plan de Acción contén un calen-

dario para o comezo das accións tanto a nivel comunitario como nacional ou rexional, que deixa ós Estados membros liberdade para decidi-la modalidade das mesmas, dados os distintos enfoques nacionais do fomento do espírito empresarial.

A Comisión centrouse no seu Plan en tres áreas prioritarias principais como son os novos enfoques sobre educación, formación e entorno laboral; o acceso ó financiamento e axuda á innovación; e unha mellor administración pública.

O plan de acción aprobado polo Consello de Ministros o 29-04-99 reúne por primeira vez nun único marco tódolos ámbitos que afectan ó espírito empresarial e ás empresas. A **táboa 1.2.** recolle as principais medidas neste eido.

• **Boas prácticas para a organización de apoio ás empresas**

Unha vez presentadas as recomendacións sobre as melloras que é necesario introducir no entorno das empresas e nos servicios de apoio ás mesmas, a **táboa 1.3.** presenta unha serie de exemplos concretos que ilustran cómo están a desenvolverse os principios relativos ás medidas de apoio ás empresas recién creadas.

Estes exemplos foron recollidos ó longo dun programa de cooperación en materia de política de empresa que tivo lugar entre os estados membros da UE denominado "Acción concertada". No mesmo, a Comisión Europea asistiu ós estados membros na organización dun amplo intercambio de experiencias nuns eidos que son fundamentais para o éxito das empresas e para o aumento da competitividade da economía europea. ■

Táboa 1.3.

Exemplos de boas prácticas para as organizacións de apoio ás empresas

	Medida		Programa	Organismo
1.-Formación e información ás empresas na fase de formación	Fomento da cultura empresarial	"Plan de acción para a promoción da cultura empresarial en Dinamarca: espírito de empresa e innovación"	Programa de promoción do espírito empresarial no sistema educativo	Mº de Educación
	Formación de formadores	Proxecto "Intercambio de funcións" (Trading Places)	Pretende promover-la interacción entre centros de ensino, empresas e organizacións de apoio a estas últimas. Consiste en que os profesores ceden o seu posto ós empresarios parte da semana.	Centro de empresas de Leicestershire no Reino Unido
	Promoción da empresa na educación superior	Programa TOP	Asiste de forma directa ós estudantes que queiran por en marcha empresas, facilitando instalacións, avais e préstamos sen interese. Pretende incluí-la promoción do espírito empresarial como parte da súa formación intelectual	Universidade de Twente nos Países Baixos
	Conxunto de medidas de formación coherente e práctico	Conxunto de medidas "Formación para a creación de empresas, en calquera momento e en calquera lugar"	Programa de educación a distancia que se inscribe no marco da rede nacional denominada "Entreprendre en France"	Cámaras de comercio e industria de Poitou-Charentes, Oficina de creación de empresas; CEPAC Centre Atlantique
	Utilización da tecnoloxía da información	Rede "Empresa Xove" (Young Enterprise)	Ofrece a súa experiencia a xoves de entre 16 e 20 anos no campo da creación e xestión de empresas	Empresa Xove de Suecia
	Axuda a mulleres empresarias	Organización GDO	Formación específica do acceso ó crédito bancario	GDO portugués
2.-Financiamento na creación de empresas	Marco institucional		Ofrece servizos financeiros e de asesoría no proceso de creación e primeiros anos de funcionamento	Deutsche Ausgleichsbank
	Exposición do proxecto empresarial	Servicio "Starter" dirixido a persoas cuns fondos propios suficientes	Asiste ós seus clientes a elabora-lo plan económico e unha análise do proxecto	Fortis Bank (Bélxica)
	Novo enfoque das relacións nos bancos		Ofrece servizos financeiros e de asesoría. Salientan os préstamos "First Step" ou de iniciación, libres de interese nos 3 primeiros meses.	Banco de Irlanda
	Micropréstamos		Concede préstamos para a creación de microempresas e pequenos negocios que empreguen a non máis de 5 persoas.	Finnvera plc (Finlandia)
	Redes de investidores "Anxos da empresa"	Rede nacional "Anxos da empresa"	As empresas con potencial crecemento reciben dos investidores privados tanto financiamento como coñecementos de xestión. Simultaneamente, a rede ofrece os seus servizos ós investidores privados.	Rede nacional "Anxos da empresa"
	Mercados de renda variable	O "Neuer "Markt" alemán ou os "Nouveaux marchés"	Constitúen unha saída para os investimentos en capital risco	DIHT
3.- "Viveiros" e estruturas de apoio para a creación	Boa combinación de servizos	Os "Viveiros" deben contar con boas instalacións básicas ó seren unha forma eficaz de promocionar empresas de carácter innovador	O centro de Innovación IZET ofrece ás empresas unha infraestrutura profesional, un servizo de apoio flexible e unha asesoría especializada. Opera nunha rede de viveiros de empresas da zona e participa en proxectos europeos de transferencias no ámbito da I+D, e en proxectos de normalización en colaboración con outros centros tecnolóxicos da UE.	IZET innovationszentrum Itzehoe
	Calidade da prestación de servizos	Como parte dun proceso de análise da eficacia, a Asociación de directores de viveiros de empresas de Francia (ELAN) en colaboración co Mº de Economía, Facenda e Industria, emprendeu un estudio de resultados da cal a Oficina francesa de normalización AFNOR creou un modelo no que se especificaban as funcións e servizos con que debe contar un viveiro de empresas (NF X 50.770), unidas a unhas disposicións de certificación (NF 248)		ELAN e Boudeaux-Productic (Francia)
	Eficacia nas transferencias de tecnoloxía	Este centro de innovación implantou unha concentración de empresas científicas e tecnolóxicas co obxectivo de que os investigadores adquiran uns coñecementos de xestión que complementen os seus coñecementos técnicos		St John's Innovation Centre (Reino Unido)
	Posibilidade de "Viveiros" de empresas en novos sectores	A organizaciónTravel Park Incubator Network creou unha rede de viveiros que opera no sector turismo.		Travel Park Incubator Network (Finlandia)
	Importancia da formación de redes para os "Viveiros" de empresa e os seus clientes	Rede de viveiros na que participan entidades locais e as grandes e medianas empresas		Centro de desenvolvemento da economía e o emprego Uusimaa (Finlandia)
	Apoio mutuo a nivel nacional	A Asociación Nacional de Centros Europeos de Empresas e Innovación Españolas axuda a establecer mecanismos de cooperación entre asociados, a implantar unha estratexia de calidade total e a aproveitar mellor o potencial de tecnoloxía procedente das Universidades. Coopera tamén no nacemento de novas empresas a través dunha empresa existente (spin off).		ANCES
	Necesidade de financiamento equilibrado para os "Viveiros".	Aínda que o financiamento privado é fundamental, durante anos é difícil acadalo límite de rendibilidade e é necesario recurrir ó financiamento público		Centro Internacional de Comunicación Avanzada (Francia)
	Posibilidade de "viveiros" virtuais	Presenta as vantaxes de non precisar investimentos custosos en terreos e edificios		Centro de Innovación Lavanttal (Austria)

Fonte : Comisión Europea

